

II XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín
CFR A CORUÑA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
ANPA Brigantium (CEIP Francisco Vales Villamarín) - ANPA O Carregal (IES Francisco Aguiar)
Excmo. Concello de Betanzos

10, 11 e 12 de maio de 2013 - Sala Xulio Cuns (Edificio Liceo) BETANZOS

HOMOLOGADA PARA DOCENTES POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U. (12 horas)

De carácter gratuito

patrocinadas por Fundación Villuendas, La Caixa e Banco Etcheverría

Os días 10, 11 e 12 de maio continuaremos coa andadura iniciada no pasado curso e que entendemos de grande e actual interese tanto para os/as profesionais da educación, como para as familias, en xeral.

Nestas II XORNADAS que, ao igual que a anterior, abranguen tódolos tramos educativos, abordarase a atención á diversidade desde unha perspectiva eminentemente práctica. Preténdese, a través de conferencias, obradoiros, debates e exposicións, formar e informar á comunidade educativa sobre os modelos e perspectivas inclusivas máis axeitadas para atender á diversidade do alumnado, entendida sempre coma un valor e coma un reto en si mesma. Asemade, é un propósito fundamental que estas XORNADAS sexan, unha vez máis, punto de encontro e colaboración entre os profesionais das diversas etapas educativas, as familias e as institucións, co fin último de mellorar a educación do noso alumnado.

Para iso contaremos con profesionais de recoñecido prestixio dentro do campo da ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As XORNADAS teñen recoñecidas as horas de formación, dada a implicación e a xestión do CFR da Coruña, pero ademais, nesta nova xeira, contan con actividades paralelas de carácter lúdico-cultural.

| | |
|--------------------------------|--|
| DIRIXIDO A: | Docentes, pais e nais e persoas interesadas, en xeral. |
| COMO INSCRIBIRSE: | |
| Docentes: | https://www.edu.xunta.es/fprofe/ |
| Non docentes: | http://anpabrigantium.blogaliza.org/ |
| DATA LÍMITE INSCRICIÓN: | 13 de abril de 2013. |
| PRAZAS LIMITADAS | As solicitudes atenderanse por orde de inscrición. |
| INFORMACIÓN ADICIONAL: | Sobre documentación, actividades paralelas, onde comer, durmir, que visitar... http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin/ http://anpabrigantium.blogaliza.org/ |

II XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Betanzos, 10, 11 e 12 de maio de 2013

Programación

VENRES, 10 DE MAIO

RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN E SINATURAS (16:00-16:30)

APERTURA (16:30-17:00):

**Director do CEIP Francisco Vales Villamarín
Representante das ANPAs
Director do CFR A Coruña
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos**

1. PRESENTACIÓN: A inclusión, é un conto? (17:00 - 17:30)

- En moitas ocasións aos Departamentos de Orientación dos centros demándannos receitas para acadaren una axeitada atención á diversidade. Pero non existen pocións nin variñas máxicas que dean resposta a todo, ou si?
- A inclusión, é posible ou é un conto? Nesta breve presentación introduciremos e xustificaremos as ponencias e contidos que se desenvolverán ao longo destas Xornadas para intentar dar resposta a esta e outras preguntas.

Duración: 1/2 hora

PATRICIA PENA BARBEITO (Logopeda e mestra de AL no CEIP de Oza dos Ríos)

LUCÍA RUIZ CASAL (Licenciada en Psicopedagogía e mestra de AL no CEIP Francisco Vales Villamarín - Betanzos)

2. AS INTELIXENCIAS MÚLTIPLES E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (17:30 - 19:00h)

- A necesidade do cambio.
Diante da actual situación educativa vemos luces e sombras. É necesario un cambio en materia educativa? E nese posible cambio, requiren as aulas e o profesorado dalgunha renovación?
A resposta a estas preguntas supón unha reflexión sobre o noso labor cotián, unido a distintas evidencias que nos axudarán, dun xeito moi práctico, a abordar unha mellora continua.
- Estilos de aprendizaxe.
Todos e todas non aprendemos do mesmo xeito. De feito, algunhas das vías de aprendizaxe apenas son tidas en conta nas aulas. Isto quere dicir que hai nenos e nenas que reciben unha información non significativa pola vía elixida, mentres, as súas maiores fortalezas, quizais, non son tidas en conta.
- As intelixencias Múltiples.
Os humanos somos seres moi complexos e da maior comprensión desta complexidade partirá o éxito á hora de abordar o proceso de Ensino-Aprendizaxe.
Afondar nesta teoría axudaranos a coñecer en maior profundidade aos nenos e nenas e, coa mesma, descubrir que camiños lles axudarán a comprender e aprender con máis eficacia.
Howard Gardner fálanos de 8 intelixencias que todos e todas posuímos en distinto grao.
Tentaremos reoñecer as metas que, en cada intelixencia, debemos perseguir cos nenos e nenas.

Duración: 1 hora e 1/2

JAVIER BAHÓN GÓMEZ (Director da Fundación Nuevas Claves Educativas)

DESCANSO 19:00 - 19:25h

3. PEQUENAS COUSAS QUE PODEN IR CAMBIANDO O MUNDO (19:30 - 20:30h)

- A escritora, contacontos e actriz falaranos, en clave de humor, dos nenos e as nenas, da escola, e convidaranos a mirarnos dende fóra, a rirnos de nós mesmos, para, dende a autocrítica, mellorar o sistema educativo día a día.

Duración: 1 hora

PAULA CARBALLEIRA CABANA (Escritora, contacontos e actriz)

Programación

SÁBADO, 11 DE MAIO (mañá)

SINATURAS (09:45-10:00)

4. A EDUCACIÓN INCLUSIVA E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (10:00 - 11:30)

- Abordarase a orixe, o significado e o sentido da Educación Inclusiva, formulándoa como un modelo educativo universal que pretende mellorar a educación de todos e para todos, non só para algún colectivo do alumnado ou para contextos e circunstancias específicas. Farase tamén unha proposta de acción baseada no desenvolvemento práctico de proxectos educativos que traspasen as fronteiras escolares e supoñan o traballo conxunto da comunidade educativa local.

Duración: 1 hora e 1/2

ÁNGELES PARRILLA LATAS (Catedrática da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo)

DESCANSO 11:30 - 11:55

5. OBRADOIROS SIMULTÁNEOS (12:00 - 13:30h)*

Duración: 1 hora e 1/2

5.1. “OS QUE DIN QUE É IMPOSIBLE NON DEBERÍAN MOLESTAR NIN INTERROMPER AOS QUE O ESTÁN FACENDO” Thomas A. Edison.

- Obradoiro para traballo con nenos e nenas con dificultades na aula, dividido en dous bloques: sensibilización/autoobservación e estratexias de actuación.
- Dende a experiencia na intervención con alumnos e alumnas con TDAH, farase un achegamento ás estratexias de intervención na aula.

ANDRÉS BORJA REY BARREIRO (Licenciado en Psicoloxía pola USC e técnico en Atención Sociosanitaria, na actualidade exerce de psicólogo nos Servizos Sociais de Base do Concello de Arteixo. Colabora con ANHIDACORUÑA)

JAVIER ESTÉVEZ RODRÍGUEZ (Licenciado en Psicoloxía e Psicopedagogía pola Universidade Camilo José Cela de Madrid, especializado en TDAH adolescentes e adultos. Colabora con ANHIDACORUÑA)

5.2. ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL CON TICs

- Unha equipa de catro profesores do CEE Nosa Sra. de Lourdes, que acolle alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade intelectual, vén de crear unha aula móbil de estimulación multisensorial.
- Que é unha aula multisensorial? É unha aula que pretende abrir a experiencia a todos os sentidos a través dunha exposición sensorial controlada co fin último de facilitar a aprendizaxe e as relacións sociais; un espazo no que mellorar o benestar físico e emocional destes nenos e nenas, a través da experimentación, a aprendizaxe, o disfrute, a relación, a comunicación, a mobilidade... a integración.

PAULA TOMÉ SEOANE

M^a RAQUEL QUINTELA LÓPEZ

M^a DEL MAR SERRANO PAZOS

FELICIANO JOSÉ COUTO ESCANCIANO

(Profesores do CEE Nosa Sra. de Lourdes de A Coruña - ASPRONAGA)

5.3. PROPOSTA PARA CHARLA INTERACTIVA CON PAIS E PROFESORES. CONVERSACIÓNS CON SENTIDO E CONSENTIDAS COS MOZOS! (PNL Programación neurolingüística)

- Creando pontes comunicacionais.
Os elementos dunha gran comunicación:
 - A Intelixencia Emocional na práctica.
 - A linguaxe verbal e non verbal
 - Os obxectivos da comunicación cos mozos. Poder, autoridade ou influencia?
- Dende onde nos queremos comunicar: manancial ou desaugadoiro?
- Identificando a intención da comunicación!
- Coñecemos a canle comunicacional do outro?
 - Visual, auditiva ou kinestésica?
 - Como podemos identificar a canle propia e do outro?
 - Aprendendo a sintonizar e calibrar a canle axeitada.
- Como poñer en práctica as mellores ferramentas de comunicación cos nosos fillos e alumnos.
- A arte de converternos en grandes PREGUNTÓNS!
- Habilidades para:
 - Dicirlles NON, sen dicir NON.
 - Pedirlles cambios e recoller o seu compromiso.
 - Ofrecer as nosas opinións e persuadilos para o cambio.
- Posta en común dos elementos impulsores para a comunicación.

MARIBEL REINOSO REY (Consultora de RR HH, Formadora de entrenamiento directivo e Coach)

5.4. TÉCNICAS DE APRENDIZAXE COOPERATIVA

- O que se pretende con este obradoiro é relacionar a Aprendizaxe Cooperativa cunha nova xestión da aprendizaxe nas aulas, analizar os principios da Aprendizaxe Cooperativa e aprender a usar determinadas técnicas da mesma. Seguirase un enfoque práctico, contando en todo momento coa participación activa e cooperativa dos asistentes. Preténdese ensinar os fundamentos da Aprendizaxe Cooperativa por medio da posta en práctica dalgunha das súas técnicas. .

MIGUEL ÁNGEL SANTOS REGO (Catedrático da USC. Profesor en Ciencias da Educación no Dpto.de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social. Grupo de Investigación Esculca da USC)

MAR LORENZO MOLEDO (Profesora titular no Dpto.de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social. Grupo de Investigación Esculca da USC)

* Por tratarse de catro actividades simultáneas, no seu momento notificarase a todos e a todas os inscritos, por e-mail e con anterioridade ao inicio das Xornadas, como e onde decidirse por unha delas.

Programación

SÁBADO, 11 DE MAIO (tarde)

SINATURAS (15:45-16:00)

6. UNHA EXPERIENCIA CONSTRUCTIVISTA A PÉ DE AULA NA EP (16:00 - 17:00)

- Unha panorámica ao longo dun curso completo de traballo cun grupo de Primaria: O traballo por proxectos, a implicación activa e cómplice das familias, o uso integrado das tecnoloxías, a abordaxe das intelixencias múltiples e, de maneira especial, a xestión das emocións, a lectura como fonte de pracer e o traballo cooperativo. Todo elo con dinámicas integradoras para a diversidade do alumnado.

Duración: 1 hora

MAR ÁLVAREZ SILVA (Mestra e licenciada en Pedagogía. Orientadora do CEIP Reibón - Moaña)

7. UNHA EXPERIENCIA CONSTRUCTIVISTA A PÉ DE AULA NA ESO (17:00 - 18:00)

- O traballo por proxectos, por puntos de interese, facendo facer e experimentar ao alumnado, converténdoo en protagonista da súa aprendizaxe. Unha experiencia de colaboración interdepartamental, de integración de materias e currículos diversos, nun enfoque construtivista e integrador, que fomenta o traballo a diferentes niveis, para atender a diversidade natural do grupo.

Duración: 1 hora

CÉSAR GÓMEZ CABANAS (Exeñeiro Agrónomo pola USC na especialidade de Fitotecnia. Enxeñeiro Técnico pola especialidade de Construción e Mecanización)

DESCANSO 18:00 - 18:25

8. VISITA GUIADA POLO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS (18:30 - 20:00)**

- Alfredo Erias exercerá de perfecto anfitrión nun percorrido polos lugares máis representativos do casco histórico da cidade de Betanzos.

Duración: 1 hora e 1/2

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ (Director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino. Arquivo-Bibliotecario da Biblioteca Municipal Alfonso Castelao de Betanzos)

9. CONCERTO NO CLAUSTRO DO MUSEO DAS MARIÑAS (20:00 - 21:00)**

- No incomparable marco do claustro do Museo das Mariñas (antigo convento de Sto. Domingo), a marabillosa música dos betanceiros Eugenio Pintor (baixo), Felipe Oñate (batería) e Juan Carlos Casal (piano), compoñentes de JUAN CARLOS CASAL JAZZ TRÍO, será o broche perfecto para este longo, e agardamos que froitífero, sábado.

Duración: 1 hora

JUAN CARLOS CASAL JAZZ TRÍO

****Actividades voluntarias.**

Programación

DOMINGO, 12 DE MAIO

SINATURAS (09:45-10:00)

10. CO-LEG@ COMO METODOLOXÍA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (10:00 - 11:30)

- Unha proposta de como a metodoloxía CO-LEG@ se desenvolve na educación dos nenos e nenas que requiren dunha actuación específica por diferentes factores persoais ou sociais, tales como altas capacidades, síndrome de Down, desvantaxes socioculturais, etc.
 - Que é CO-LEG@?
 - Fases e metodoloxía.
 - A orientación a obxectivos.
 - Competencias desenvolvidas.
 - Os beneficios de CO-LEG@ na atención á diversidade.

Duración: 1 hora e 1/2

PABLO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (Responsable de Desenvolvemento de Negocio de Thinkin' Coaching e CO-Creador do proxecto CO-LEG@)

DESCANSO 11:30 - 11:55

11. PA-KIS-TÁN. O inicio da ruta (12:00 - 13:00)

- Vale, son diferente. E agora... que?
- Que fago? A onde vou? Con quen falo? Quen me axuda?.. Preguntas e máis preguntas que, lonxe de teorizar, precisan dunha resposta inmediata, activa e eficaz.

Duración: 1 hora

M^a JOSÉ CAMINO MARTA (Licenciada en Psicopedagogía. Orientadora do CEIP Fco. Vales Villamarín - Betanzos)

PALOMA REY RODRÍGUEZ (Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación. Orientadora do CEIP Isaac Díaz Pardo - Culleredo)

JOSEFINA LÓPEZ SANTOS (Licenciada en Pedagogía e Ciencias da Educación. Orientadora do IES de Curtis - Curtis)

12. CADERNO DE BITÁCORA. Os navegantes (13:00 - 14:00)

- Tres visións dunha travesía, tres perspectivas para abordar as respostas do noso sistema educativo ante a diversidade, a través doutras tantas experiencias persoais.

Duración: 1 hora

ÁNGEL GONZÁLEZ GATO (Licenciado en Historia e xerente dunha empresa de instalacións de fontanería)

Diagnosticado no seu momento como alumno de altas capacidades, contará o seu periplo por un sistema educativo lineal e converxente en exceso, que non sempre favorece a correcta integración de todo tipo de alumnado.

ÁNGELES LÓPEZ MOURIÑO (Alumna de 4º de ESO - PDC no IES Melide)

Ángeles faranos partícipes de como o sistema educativo respondeu ás súas necesidades como persoa con tetraplexía: o paso pola aula específica, o traballo cooperativo de coidadora, PTs, especialistas en AL, orientadores e titores.

SANDRA MOSQUERA PAREDES (Licenciada en Psicopedagogía e diplomada en Educación Social. Actualmente está a realizar un Máster Universitario en Psicología Aplicada pola especialidade de Psicología da Saúde)

Exalumna do CEIP Francisco Vales Villamarín que a forza de disciplina, entereza e empeño, conseguiu saír da súa cadeira de rodas, camiñar e ser autónoma e que, nun relato de seu, *Una vida diferente*, explica a súa loita e como chegou mesmo a contemplar a súa parálise cerebral coma un gran don, ata o punto de afirmar que se lle propuxeran volver atrás: nacer “normal” e non lembrar nada do que tiña aprendido, pensaríao moito.

13. CLAUSURA (14:00):

**Director do CEIP Francisco Vales Villamarín
Representante das ANPAs
Director do CFR A Coruña
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos**

14. XIRA AOS CANEIROS CON XANTAR (15:00)***

- Viaxe en barca para remontar o río Mandeo dende o Paseo da Tolerancia, ao pé do propio casco histórico de Betanzos, ata o campo dos Caneiros, onde se celebra a famosa romaría fluvial do mesmo nome todos os días 18 e 25 de agosto. Disfrutaremos dunha agradable tavesía e das súas fermosas paisaxes, ao tempo que degustamos os saborosos produtos da gastronomía betanceira e os seus emerxentes viños, para retornar, á tardiña, cunha lixeira merenda.

******* Actividade voluntaria e única non gratuíta. No seu momento notificarase a todos e a todas os inscritos, por e-mail e con anterioridade ao inicio das Xornadas, o importe e como e onde anotarse.